

Co obxecto de informar sobre a cantidade que se vai percibir da paga extra do mes de decembro de 2012, eliminada polo Real Decreto 20/2012, así como os pasos que hai que dar para solicitala se o persoal se atopa nunha situación distinta á do servizo activo, transcribimos o que a lei de orzamentos di sobre o particular:

Na [Disposición adicional décimo sétima da lei 11/2014](#) de orzamentos xerais de Galiza para o ano 2015 dise o seguinte:

Disposición adicional décimo sétima. *Recuperación da paga extraordinaria e adicional de decembro de 2012 do persoal ao servizo do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia*

a) O persoal incluído no artigo 1.2.a) da Lei 9/2012, do 3 de agosto, de adaptación das disposicións básicas do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, **percibirá unha cantidade equivalente á parte proporcional correspondente a vinte e dous días da paga extraordinaria (soldo da extra + trienios da extra + complemento de destino) e sete días das pagas adicionais ou equivalentes (complementos específicos: específico docente + sexenios + singular - por cargo - + función titorial) do mes de decembro de 2012 que foron suprimidas.** Naqueles casos en que non proceda o recoñecemento da totalidade da anterior cantidade, reduciranse proporcionalmente ao cómputo de días devindicados en cada un dos conceptos ata a entrada en vigor da mencionada norma.

Ao persoal que non se ache en situación de servizo activo ou asimilada na data de entrada en vigor desta lei ou que perdese a condición de empregado público, as cantidades a que se refire esta disposición seranlle aboadas pola consellería, organismo ou entidade á que lle correspondese aboar no seu día a mencionada paga de decembro de 2012, **logo de petición dirixida ao órgano de xestión de persoal que corresponda.**

Se o persoal afectado pola supresión tivese falecido á entrada en vigor desta disposición, a petición a que se refire o parágrafo anterior deberana formular os seus herdeiros conforme o dereito civil.